

**XIV CONVOCATORIA PROXECTOS DE COÑECEMENTO
DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (PCC)
PARA PDI E PTXAS
2026**

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
Universidade da Coruña

1. INTRODUCCIÓN

Os proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC) son unha iniciativa na que o persoal de investigación (PDI) e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da Universidade da Coruña teñen a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación e que o traballo que desenvolvan lles dea a coñecer o funcionamento dos proxectos de cooperación internacional. Ademais disto, a realización dun PCC constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para as propias persoas beneficiarias, como para a sociedade en xeral, xa que se realizan charlas, tras o regreso da estadía, para dar a coñecer a experiencia.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da Universidade da Coruña abre esta convocatoria a todo o PTXAS e o PDI desta universidade que estea interesado en participar en programas de accións de coñecemento da realidade dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar ás persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur global e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

A OCV ofertará axudas económicas para o financiamento das estadías, sen prexuízo de que aquelas candidaturas que non consigan a financiación por esgotamento orzamentario, poidan igualmente desenvolver o PCC co apoio técnico da OCV e seren certificadas como tal.

2. CARACTERÍSTICAS DOS PCC OFERTADOS

A Oficina de Cooperación e Voluntariado poderá financiar varios PCC en función das solicitudes recibidas, e poderá optar todo aquel PDI ou PTXAS de centros propios da Universidade da Coruña que presente un proxecto de coñecemento dun proxecto de cooperación para levar a cabo un traballo de investigación, técnico e/ou acción-participación, que conte co apoio dunha ONGD, universidade ou calquera outro axente da cooperación, que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte ou entidade socia local.

Os eidos de actuación dos PCC poderán ter un carácter especificamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construción e rehabilitación etc.) ou de calquera outro tipo (educación, desenvolvemento comunitario, empoderamento da muller, capacitación de persoal técnico local etc.), mais sempre deben estar enmarcados nun proxecto de cooperación ao desenvolvemento.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

A persoa solicitante deberá:

1. Ser PTXAS, PCTI ou PDI pertencente aos corpos docentes universitarios establecidos na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario. Esta condición deberá posuírse tanto no momento da solicitude da axuda, como no momento en que teña lugar a execución do programa de traballo na institución de acollida. Será responsabilidade da persoa candidata informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da mobilidade.
2. Solicitar o PCC a través das canles habilitadas ao efecto e nos modelos habilitados a tal fin, presentando os anexos requiridos (segundo os anexos que figuran ao final) que inclúa a carta de presentación asinada pola ONGD/Entidade de destino. Será responsabilidade da persoas solicitante establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas de visita e as actividades a realizar.
3. Segundo o punto B.5. da Resolución de 19 de xuño de 2024 pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, o PTXAS que solicite participar en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria poderáselle conceder unha licenza por un período non superior a seis meses.

4. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA.

Os PCC que se ofertan terán unha duración mínima de doce días e máxima de noventa. O comezo deste proxecto terá que ter lugar desde a publicación desta convocatoria e até o día 2 de novembro de 2026, sen superar nunca o período máximo establecido.

5. CONDICIÓNS ECONÓMICAS E IMPORTE DAS AXUDAS

1. Esta convocatoria finánciase con fondos propios da Universidade da Coruña con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 0901 321A 48101 por un importe inicial de 2.450 euros, para axudas para PDI en Cooperación ao Desenvolvemento,

- 0901 321A 48201 por un importe inicial de 2.450 euros, para axudas para PTXAS en Cooperación ao Desenvolvemento.

Isto é así sen prexuízo de que estes importes poidan ser incrementados en función da dispoñibilidade orzamentaria. No caso de que non haxa candidaturas nun dos sectores, as axudas poderán concederse a solicitantes doutro sector.

2. As ditas axudas consistirán no seguinte:

- a viaxe á cidade/país de destino e o regreso a España, ate un máximo de 1.700 €
- o seguro da viaxe (accidentes, enfermidade e responsabilidade civil)
- unha achega para os gastos derivados da manutención no país de destino

3. O aloxamento e os desprazamentos internos ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto correrán a cargo da ONGD ou universidade que ampara ao PDI/PTXAS, da súa contraparte ou socia local ou da propia persoa solicitante.

4. A estadía do PDI ou do PTXAS poderase conceder con ou sen axudas de custo.

5. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

6. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS

O aboamento da contía farase da seguinte forma:

- Achegárase o 80 % da cantidade asignada no momento da resolución da convocatoria, á que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes.
- Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto, momento en que se entregará o 20 % da axuda restante, á que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes. Con anterioridade ao inicio da tramitación deste pagamento, a persoa beneficiaria deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.

2. O incumprimento total ou parcial do que establece a presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido. Igualmente, no suposto recollido no punto 3, do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de novembro, xeral de subvencións, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.

3. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As circunstancias de forza maior (enfermidade, baixa, falecemento dun familiar de 1º ou 2º grao, alteracións da orde no país de destino, etc.) non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada en caso de que non se realice a estadía. Nestes supostos, dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas na presente convocatoria, poderase pospoñer a estadía, sempre de acordo coa institución de destino e sempre que se lle notifique o cambio á OCV.

7.CRITERIOS DE SELECCIÓN

A) Requisitos solicitados

1. Que o traballo que desenvolva a persoa solicitante no Proxecto de Cooperación ao desenvolvemento estea de acordo coa súa actividade profesional.
2. Que o Proxecto en que participe a persoa solicitante teña unha repercusión práctica, avaliable e cuantificable.
3. Que o obxectivo do Proxecto en que participe a persoa solicitante estea dirixido a satisfacer directa ou indirectamente necesidades sociais básicas das poboacións desfavorecidas dos países en desenvolvemento.
4. Que o Proxecto conte cun socio ou contraparte no lugar da súa execución, que poderá ser tanto unha persoa física como xurídica, e que represente lexitimamente os intereses das persoas beneficiarias. Valorarase especialmente a participación como contrapartes de universidades ou doutras institucións de investigación ou de ensino superior, aínda que tamén será posible a intervención como socias no país de destino de organizacións non gobernamentais, fundacións ou outras organizacións.
5. Obter, pola súa conta, o visado necesario para o acceso e permanencia no país de destino durante o período de desfrute da axuda, así como respectar a lexislación correspondente en materia de visados.

B) Criterios de prioridade:

1. Terán prioridade aquelas persoas que soliciten o PCC por primeira vez. Das persoas que xa foran adxudicatarias, terán prioridade as que recibiran as axudas en menos ocasións.
2. Terán prioridade as candidaturas que se adscriban a proxectos financiados a través de fondos públicos.

3. Terán prioridade as candidaturas que teñan un especial interese para o desenvolvemento das actividades de cooperación da UDC e poidan derivar en futuros traballos académicos.
4. Terán prioridade os PCC en que se soliciten estadías máis longas.
5. Terán prioridade os PCC que se executen en países prioritarios para a cooperación galega segundo o Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 ou no Plan director da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a cooperación global 2024-2027.
6. Concederáse un máximo de dúas PCC por país. De se presentaren máis de dúas solicitudes para un mesmo destino procedentes dun mesmo centro ou servizo, as persoas que realizarán a estadía decidiránse aplicando os demais criterios de preferencia, e de ser preciso a antigüidade na UDC e a idade.

C) Criterios de exclusión ou renuncia

1. Só se admitirá unha candidatura por persoa.
2. As persoas que presenten a súa candidatura cun proxecto alleo ás temáticas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento.

As persoas interesadas deberán comunicar a súa renuncia á Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Tales renuncias poderán ser substituídas polas candidaturas incluídas na listaxe de reserva. No caso de que as axudas non poidan ser cubertas polos titulares ou reservas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.

A OCV resérvase o dereito de suspender a convocatoria ou anular algunha/s das axudas concedidas de producirse situacións ou fenómenos imprevisibles como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada.

8. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión encargada da selección das solicitudes estará formada por:

- Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social ou persoa en quen delegue.
- Directora da Oficina de Cooperación e Voluntariado ou persoa en quen delegue

- Técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado ou persoa en quen delegue

9. SOLICITUDE, RESOLUCIÓN E DATAS DE PRESENTACIÓN DAS AXUDAS

A) Prazo e modo de presentación da solicitude

O impreso para presentar as solicitudes está dispoñible na páxina web da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC: www.udc.gal/ocv.

A solicitude presentarase a través do Rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares da Coruña (Casa do Lagar, campus de Elviña, 15191 A Coruña) ou de Ferrol (rúa Vázquez Cabrera, s/n, campus de Esteiro, 15403. Ferrol) en horario das 9:00 ás 14:00 h e a data límite para a entregar será o 13 de marzo de 2026

Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa. No caso de que a persoa solicitante, utilice un rexistro diferente ao da propia UDC, deberá informar á comisión a través do correo electrónico ocv@udc.es que foi realizado este trámite.

B) Documentación que debe achegarse ao impreso de solicitude

A solicitude de participación na convocatoria formalizarase nos anexos que se achegan a esta convocatoria:

- Datos persoais e do proxecto. Anexo I
- Orzamento da estadía completa, incluíndo a viaxe, o seguro da viaxe, o aloxamento e a manutención, o máis aproximado posible (anexo I).
- Achegarase o orzamento e cobertura do seguro da viaxe (transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación da persoa asegurada falecida, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía de familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción de familiar, desprazamento de familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil, enfermidade, responsabilidade civil, defensa da responsabilidade penal no estranxeiro, cunha cobertura mínima para enfermidade de 500.000 €).
- A persoa beneficiaria da axuda será responsable de deixar na OCV un documento que acredite a contratación do seguro e que este cumpre os requisitos mencionados.

- Resumo das actuacións que se van a desenvolver no país seleccionado, cos obxectivos, actividades e o cronograma detallado do PCC en que se vai participar. ANEXO II.
- Carta de motivación, xustificando o perfil do PDI/PTXAS e a súa adecuación ao posto. ANEXO III.
- Carta de presentación asinada pola ONGD, contraparte local, universidade ou polo director ou directora do proxecto de cooperación en que expresará claramente o seu interese en que o PDI/PTXAS realice o PCC. ANEXO IV.

C) Prazos de resolución e adxudicación das axudas.

Nun máximo de 20 días desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informará sobre a correspondente resolución. Nela indicárase a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.

As concesións comunicaránselles por correo electrónico directamente ás persoas interesadas. Asemade publicaranse as resolucións de concesións en: <http://www.udc.es/ocv>

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

10. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico en que se notifique a aprobación da súa PCC por parte da UDC, as persoas candidatas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia á axuda nun prazo de cinco días naturais.
2. A aceptación ou a renuncia realizarase a través do formulario habilitado a tal fin e publicado na web da OCV. As persoas candidatas deberán formalizar por escrito a súa aceptación ou renuncia nun prazo de cinco días naturais, a través do correo electrónico ocv@udc.es, enviando o dito formulario.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS TRAS A ESTADÍA

As persoas beneficiarias desta axuda deberán:

- a) Sete días naturais antes da estadía:

- Presentar na OCV a factura dos billetes de avión e o contrato do seguro de accidentes e enfermidade.
- b) Durante a viaxe e a estadía:
 - Respetar as normas sanitarias dos países de saída e entrada en que fagan escala.
 - Difundir activamente o traballo que realice durante a súa estadía coa ferramenta electrónica que a OCV lle facilitará, comprometéndose a utilizar a dita ferramenta unicamente para editar os contidos referidos ao seu traballo coa ONGD e/ou entidade socia local.
- c) Ao rematar a estadía:
 - Presentar na OCV nun prazo máximo de sete días naturais a xustificación orixinal do desprazamento: tarxetas de embarque, billetes de tren, recibos de autoestrada, etc.
 - Presentar na OCV nun prazo máximo de 20 días naturais un breve informe final sobre as actividades realizadas, segundo o modelo que lle facilitará a OCV e documentación visual da súa estadía (fotografías ou vídeos en formato .jpg, .png, .mp4, etc.)
 - Encher a enquisa de satisfacción que se lles fará chegar.
 - Participar nunha actividade de sensibilización que determinará a OCV, en que relatarán a súa experiencia no terreo.

En todo o material que se xere das actividades que se desenvolvan no marco desta convocatoria deberá constar que se levaron a cabo co apoio da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC, usando o logotipo correspondente.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC resérvase a posibilidade de editar materiais escritos ou dixitais co contido audiovisual entregado polas persoas bolseiras unha vez finalizada a súa estadía. As persoas beneficiarias da axuda comprométense a ceder a propiedade de todo o material entregado á OCV como xustificación da estadía, que poderá facer uso deste para difundir a actividade.

12. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os

datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder as axudas de Proxectos de Coñecemento da Cooperación (PCC). Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.^a da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible existencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ou a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

**ANEXO I
SOLICITUDE**

Nome e apelidos _____

DNI/NIE _____

Posto _____

Departamento _____

Área _____

Teléfonos _____

Correo electrónico _____

País onde se desenvolverá o proxecto _____

PDI ☐**PTXAS** ☐**Datos do proxecto****1. Título do proxecto****2. Datos da ONGD colaboradora**

Nome da ONGD/Entidade colaboradora			
Persoa de contacto		Nº rexistro Galego de Axentes de Cooperación	
Páxina web		Tel.	
Correo electrónico		Ext.	
Enderezo a efectos de notificación			

3. Datos da contraparte local

Nome da ONGD/Entidade colaboradora			
Persoa de contacto			
Páxina web			
Correo electrónico		Tel.	
Data de inicio		Data de finalización	

Importe total solicitado á OCV:

Concepto	Importe
Billete de avión (orçamento axencia, prezo web...)	
Outros gastos de desprazamento (tren, autobús, etc.)	
Seguro da viaxe	
Aloxamento	
Manutención	

Outros gastos como visado, vacinas, etc. (é preciso especificalos)	
--	--

A Coruña, _____ de _____ de 2026
(sinatura)

ANEXO II

FORMULARIO DO PROXECTO

1. DATOS BÁSICOS DO PCC

Título do PCC:

Lugar ou lugares de execución do PCC:

Duración do PCC:

Ámbito de actuación do PCC (saúde, vivenda, educación, saneamento...):

Breve resumo do proxecto:

Obxectivos xerais e específicos do PCC:

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PCC

(utilice máis espazo se for necesario)

3. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (indique as datas de realización, os prazos, o comezo e a fin das actividades...)

ANEXO III
CARTA DE MOTIVACIÓN

1. CARTA DE MOTIVACIÓN DA PERSOA CANDIDATA



ANEXO IV
CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD/UNIVERSIDADE

Don/dona, _____, con DNI n.º _____ en
calidade de _____, da entidade _____,
con domicilio social en _____
cidade _____, código postal _____, CIF _____,
teléfono _____ fax _____,
correo electrónico _____
Nome do proxecto _____.
País _____.

EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a
responsabilidade no país de destino da persoa voluntaria.

SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de don/dona _____
para participar no Proxecto de coñecemento da cooperación (PCC) en
_____ dentro do proxecto de cooperación denominado
_____ que
desenvolve coa contraparte ou socio local _____.

_____, _____ de _____ de 2026

(sinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)

MODELO DE ACEPTACIÓN DA AXUDA

Dona _____ con DNI _____ e domicilio fiscal en _____, foi seleccionado/a pola Universidade de A Coruña para participar na XIII Convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Cooperación (PCC), para PDI e PAS, declara que:

1. **Coñece as condicións** da convocatoria de Proxectos de Coñecemento da Cooperación no que vai a participar.
2. **Coñece a axuda económica** que vai a recibir por parte da Universidade da Coruña: importe da viaxe de ida e volta, seguro de viaxe, sanitario e de responsabilidade civil e accidentes, e axuda á manutención, orzamentado durante o período de selección da convocatoria.
3. Comprométese a participar no PCC durante o **tempo establecido** no proxecto (de entre 12 a 90 días no ano 2026) en caso de incumprimento, deberá devolver a cantidade correspondente ao custo da viaxe e á manutención.
4. Comprométese a **realizar a memoria** explicativa das actividades realizadas nun prazo dun mes dende a finalización PCC, e en todo caso antes do 2 de novembro de 2026.
5. Comprométese a estar dispoñible para participar, como mínimo nunha **actividade de sensibilización** na Universidade da Coruña, á volta da súa estancia no PCC.
6. Comprométese a **entregar as facturas** correspondentes ao desprazamento e seguro da viaxe e as tarxetas de embarque.
7. Comprométese a cubrir unha **enquisa de avaliación** ao seu retorno.
8. Comprométese a realizar unha recopilación de **material audiovisual** do seu PCC e entregalo xunto coa memoria xustificativa.
9. Comprométese a **respetar a cultura e costumes** da poboación do país onde desenvolverá o PCC, respetando a legalidade, e mantendo en todo momento un comportamento cívico e responsable.